

Modelo MD81PLA05

**Programa Anual de actividades
culturais e de promoción das
ensinanzas do CMUS Profesional de
Música de Vigo**

Curso: 2019 - 2020



ÍNDICE

1. Relación secuenciada e temporalizada das actividades	3
1.1 Programa Anual de actividades culturais e de promoción das ensinanzas	3
1.1.1 Actividades culturais (Audicións, Cursos e Master Class).....	3
1.1.2 Actividades internas	3
1.1.3 Actividades de promoción das ensinanzas	4
1.2 Biblioteca	4
1.2.1 Organización.....	4
1.2.2 Actividades propostas para a Biblioteca	5
1.3 Actividades de dinamización da Lingua Galega	5
1.4 Plan de formación do profesorado	5
1.5 Grupos de traballo	6
2. Anteproxecto económico	6



1. Relación secuenciada e temporalizada das actividades

1.1 Programa Anual de actividades culturais e de promoción das ensinanzas

O Plan de actividades Culturais e de Promoción das Ensinanzas é un documento aberto, segundo foi aprobado no Consello Escolar. Así mesmo, o plan foi informado e votado dentro da Programación Xeral Anual, na sesión de Claustro anteriormente citada.

As actividades que se celebren fóra deste plan deberán de ser xustificadas e autorizadas polo Consello Escolar, sendo os membros deste órgano colexiado debidamente informados pola Vicedirección, tras ser presentada a proposta polo Departamento que organice a actividade.

1.1.1 Actividades culturais (Audicións, Cursos e Master Class)

Audicións internas elaboradas polos diferentes Departamentos en coordinación co Equipo de Actividades Artísticas e Culturais.

Nota: A asistencia a estas audicións está aberta a todo o público alleo ao Conservatorio que queira asistir as mesmas.

1.1.2 Actividades internas

- Concerto de apertura do curso
- Celebración Santa Icíá
- “Tubanadal”
- Concerto de Nadal
- Semana das Letras Galegas
- Graduación alumnado 4º G. Elemental e 6º G. Profesional



1.1.3 Actividades de promoción das ensinanzas

Colaboración co Conservatorio Superior de Música de Vigo para o fomento de audicións do alumnado.

Intercambio con conservatorios de música de Galicia (formacións orquestrais ou camerísticas).

Asistencia a concertos/outros co alumnado: esta actividade será programada e supervisada polo departamento interesado.

Asistencia a cursos, clases maxistras, talleres de formación, conferencias, presentacións de libros, participación en concursos musicais. Estas actividades serán programadas e supervisadas polo departamento interesado.

Realización de concertos en espazos da cidade de Vigo dedicados a actividade musical e cultural.

Programación de concertos, cos coros do Conservatorio, na igrexa San Antonio da Florida.

Colaboración con colexios, institutos e asociacións do entorno, para a difusión das actividades organizadas no noso Centro, e tamén para a formación de público.

1.2 Biblioteca

1.2.1 Organización

(Estrato das Normas de organización e funcionamento do Conservatorio).

1.2.1.1 Artigo 51.

Na actualidade, a Biblioteca do Conservatorio alberga tamén a Sala de Lectura para o alumnado, con horario a definir ao inicio de cada curso.

Debido a que este servizo non conta con persoal especializado, e para poder dotar á biblioteca dun funcionamento máis axeitado, a xefatura de estudos organiza quendas de atención para o profesorado.



1.2.1.2 Artigo 52. Normas de funcionamento

A biblioteca será xestionada por un equipo de biblioteca (EB) e un equipo de apoio (EA) que terán un horario prefixado para tal fin. A xestión da biblioteca estará a cargo da Vicedirección, a cal determinará cando e como poderá accederse aos fondos bibliográficos e fonográficos.

O material pertencente á biblioteca só poderá ser proporcionado polo EB, e polo EA responsable da mesma, no horario establecido. En ningún caso se facilitarán as chaves da biblioteca a ninguén alleo á xestión deste espazo.

1.2.2 Actividades propostas para a Biblioteca

Presentación de libros de editoriais galegas que desexen facelo así no espazo da nosa biblioteca.

Conferencias sobre calquera tema relacionado coa música, prestando especial atención á música galega.

Celebración do día internacional das bibliotecas.

Club de lectura, escritura e interpretación do Conservatorio Profesional de Música de Vigo.

1.3 Actividades de dinamización da Lingua Galega

Dende o equipo de dinamización lingüística estase a traballar nas seguintes actividades:

Revisión e adaptación do Plan Lingüístico do Centro ás novas actividades propostas polo Conservatorio.

Programación de actividades na Semana das Letras Galegas.

1.4 Plan de formación do profesorado

O plan de formación permanente do profesorado foi tramitado tendo en conta as directrices marcadas dende o Centro Autonómico de Formación e Innovación, e tendo en



conta as observacións do CFR de Vigo, Centro de referencia para a asesoría en Formación Permanente do Profesorado do noso Centro.

1.5 Grupos de traballo

O Conservatorio Profesional de Música de Vigo destaca nos últimos anos por ter presentado numerosas actividades e grupos de traballo que veñen sendo rexeitados constantemente polo órgano competente. O único GT aprobado no presente curso académico é o que leva por título “Programación e avaliación das ensinanzas elementais de música”, cun orzamento de 400 euros.

2. Anteproxecto económico

Todas as actividades son autofinanciáveis (sen custo económico), agás o Ciclo de Concertos, aínda que este ano non se levará a cabo.